

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Galán ten entre os seus obxectivos o de promover a creación de textos literarios en idioma galego entre o alumnado do centro. Para acadar este obxectivo convócase o «VII Concurso de Narracións Breves en Familia» no que poderá participar todo o alumnado do noso centro escolar de calquera dos seus niveis educativos, desde infantil a primaria.

———— BASES ————

1.- Os textos estarán escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara e poderán ser presentados a man ou mecanografados.

2.- A autoría destes textos terá que ser compartida entre un alumno ou alumna do centro e outra persoa adulta do seu ámbito familiar, figurando ambos os seus nomes xunto ao texto presentado.

O texto pode vir acompañado dunha ilustración, na mesma folia ou en folia á parte, realizada polo alumno ou alumna e utilizando calquera tipo de técnica e material (ceras, témperas, acuarelas, rotuladores...)

3.- A temática das narracións será libre.

4.- O prazo de presentación de narracións remata o venres, 27 de marzo de 2015.

Os orixinais serán depositados no buzón amarelo situado no recibidor do colexio.

5.- Haberá catro primeiros premios, un por categoría:

INFANTIL: Lote de libros.

1.º CICLO: Lote de libros.

2.º CICLO: Lote de libros.

3.º CICLO: Lote de libros.

Todo o alumnado participante recibirá un agasallo e un diploma acreditativo.

6.- Os traballos deberán ser orixinais e quedarán en poder do CEIP de Galán para a súa publicación no número 33 da revista escolar **As Nosas Cousas**.

7.- O xurado estará composto polos compoñentes do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Galán, que dará a coñecer o seu fallo coincidindo cos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas, o 17 de maio.

O BURRO E O BOI

**ABRIL CAMPO E ROSA VÁZQUEZ
GAÑADORAS EDICIÓN 2014.
PRIMARIA**


Un burro que se pasaba o día descansando preguntoulle a un boi se non se cansaba de traballar todo o día no campo e o boi contestoulle que ese era o seu traballo.

Entón o burro díxolle que era moi tonto porque el cando non quería traballar facíase o enfermo e entón o amo buscaba outro.

Ao día seguinte o boi fíxolle caso e finxiu estar enfermo. Ao velo, o amo decidiu levar ao burro e tívoo todo o día arando sen descanso.

Ao chegar a noite o boi preguntoulle que tal o día e o burro contestoulle:

-Moi mal. Estou arrepentido de aconsellarte mal e nunca máis me farei o enfermo.



DÍA das LETRAS GALEGAS

VII CONCURSO NARRACIÓNS BREVES



**DATA LÍMITE
ENTREGA DE ORIXINAIS
27 DE MARZO DE 2015**



**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

CEIP de GALÁN

OSEIRO-ARTEIXO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA